



COMITE TECNICO
R/Campo de Chao s/n
15405 FERROL
Fax: 981320853
Móbil: 616011951
Web: www.fgtm.es
E-Mail: tecnico.fgtm@gmail.com
manolo.fernandez.tm@hotmail.com
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

CIRCULAR Nº 20

TEMPADA 2011/12

CAMPAMENTO DE VERÁN 2012

A Federación Galega organiza o campamento de verán anual para os nenos e nenas das categorías: CADETE (96-97), INFANTIL (98-99), ALEVIN (00-01 e BENXAMIN (02-03..), nas instalacións do CEIP SAN XOAN de FILGUEIRA (Ferrol), en colaboración co CLUB SAN XOAN TM, **do 13 ao 17 de agosto.**

O Campamento levarase a cabo ao igual que nestes últimos anos, con durmida en tendas do Tercio Norte de Infantería de Marina, as comidas no comedor do colexio, os adestramentos no pavillón polideportivo, e o ocio no verde e amplo recinto escolar do colexio (parque, horto, granxa, patio cuberto, campo de fútbol, xardin dos valores,..), así como algunha saída prevista.

Por primeira vez desde que estou á fronte do Comité Técnico da FGTM, motivado polos recortes nas aportacións económicas a ésta Federación, vémonos na obriga de solicitar unha pequena contribución aos gastos da organización deste campamento.

Cada neno/a inscrito/ deberá ingresar a cantidade de 30 € na conta da FGTM no BANCO SIMEÓN, EN VILAGARCÍA, C.C./0130/3007/70/0108038102, debendo enviar fotocopia do impreso de transferencia ao correo electrónico tecnico.fgtm@gmail.com

O número de prazas é limitado, e os criterios no caso de que o número de inscritos sexa maior que o de prazas posibles, é: 1. Preferencia os de maior categoría, 2. Orde de inscrición, 3. Ranking.

No caso de que non fora admitido, procederemos á devolución dos 30 €.





COMITE TECNICO
R/Campo de Chao s/n
15405 FERROL
Fax: 981320853
Móbil: 616011951
Web: www.fgtm.es
E-Mail: tecnico.fgtm@gmail.com
manolo.fernandez.fm@hotmail.com
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

O prazo de inscrición remata ás 20 horas do venres 3 de agosto.

Para inscribirse ademais de enviar copia do documento de pago, indicar no correo nº de licenza, data nacemento, nome e apelidos, club, e teléfonos de contacto, ao correo electrónico tecnico.fgtm@gmail.com

Todoos participantes deben presentarse no CEIP SAN XOAN (Ferrol) o luns 13 de agosto ás 10,00 h.

O material que deben traer: **saco de durmir, almofada ou coxin (opcional), toalla de baño e úteis de aseo, roupa suficiente para adestrar, bañador, chanclas e toalla de praia, roupa cómoda (chandal, sudadeira,..), dni, tarxeta sanitaria.**

IMPORTANTE: indicar alérxias a comidas, se están tomando medicamentos, ou calquera outra información relevante.

A recollida por parte dos pais/titores será o venres 17 ás 19 horas.

Ferrol a 23 de xullo de 2012.

Manolo Fernández.
Presidente Comité Técnico.